

# Proxecto EPÍSTOLA



## **Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal**

**Ficha documental da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Lois Tobío Fernández do  
30/07/1961**

**Colección:**

**Data:** 30/07/1961

**De:**

Ramón Otero Pedrayo;

**Para:**

Lois Tobío Fernández;

**Orixe:**

Trasalba (parroquial), Amoeiro (municipal), Ourense (comarcal)

**Destino:**

José Benito Lamas, 2941 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita, con sinatura autógrafa e sen membrete].

**Mencionados:**

Xesús Canabal; Antón Crestar; Aquilino Iglesia Alvariño; Sebastián Martínez-Risco y Macías; Isidro Parga Pondal; Conde de Quirós; Vicente Risco;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Lois Tobío Fernández do 30/07/1961**

Trasalba 30-VII-61  
Sr. D. Luis Tobío  
Montevideo

Querido amigo: Moi ledo ca sua carta. Devolvolle o esquema xeografico. Coido que así vai ben. Trátase de un limiar xeográfico e non de unha xeografía. E concedín moito as chamadas dos ríos e da costa. Penso que a cartografía é do millor. Mandarei unha presa máis de fotos. Quixera saber en canto tempo. Eiquí domina a preguiza. Escíballe a Parga. Estou abraiado ca morte súpeta de Aquilino Iglesia Alvariño. Estiven co il o 27 en Sant Yago, tan bon e ledo e bebedan. Morreu o 28 cando xa eu estaba eiquí. Xa o libro tén de levar unha necroloxía. Hai que procurar quen faga a historia da lingua pra publicar polo común da Idade Meia. Quezais Isidoro Millán González Pardo, ¿? ativo de Pontevedra. Estarei en Sant Yago mañán e buscarei consello. Non sei si a Introdución vai coa Etnografía. Coido que non. Pois abultaría demais o volume. Estou contento agora novamente por mirar publicada a Etnografía. O pior vaí ser a revisión. O Risco non está hoxe para traballos serios. De todos xeitos pídalle cando tería a sua idea xeneral da obra. Eiquí os mais desconfían ca longa demora. Hanse animare o locir a portada impresa. Saudos na casa. E ó filliño. Con apertas a Canabal grande, puro e cerme galego, e o apaixonado e conseqüente Crestar.. Penso que M? Risco-Macías deixaria ben posto noso pabellón e seu nome. Adeus. Sempre o vello amigo

Ramon Otero Pedrayo [sinatura autógrafa]

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.